


CERNA

BARÓMETRO 2020

Análise da información ambiental galega





Elaborado pola
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza



**Deputación
DA CORUÑA**

Actividade subvencionada pola
Deputación da Coruña

Introdución

CERNA-Barómetro é unha iniciativa ADEGA que pretende ofrecer unha radiografía da cobertura sobre a actualidade ambiental que fan os medios de comunicación. En concreto, centrámonos nas cabeceiras galegas co propósito de pór de relevo aquelas cuestións de maior interese mediático, saber cales pasan desapercibidas e establecer tendencias ao longo do tempo. Á vez, pretendemos aproximarnos ás inquedanzas ambientais da sociedade e tirarmos conclusións para facer máis efectivo o traballo das ONGs ambientalistas.

Os datos e información contida neste documento perseguen:

- Identificar os temas ambientais con maior presenza nos medios galegos.
- Definir as tempadas do ano con maior publicación de información ambiental.
- Obter unha radiografía da cobertura da actualidade ambiental.

O CERNA-Barómetro é o resultado do traballo diario de cribado da actualidade ambiental publicada nos seguintes medios de comunicación e páxinas de actualidade.

Adega.gal	Europa Press	La Opinión Coruña	Osil.info
Atlántico.net	El Correo Gallego	La Región	Pontevedraviva.com
Campogalego.com	El Ideal Gallego	La Sexta	Praza.gal
Culturagalega.gal	El País	La Voz de Galicia	Nós Diario
Diariodepontevedra.es	El Progreso	Galiciaconfidencial.com	Xornaldevigo.gal
Eldiario.es	Faro de Vigo	Galiciapress.es	Xornal.USC.gal
Elsaltodiario.com	Lugoxornal.gal	Gciencia.com	Xunta.gal

Fontes RSS

Recibimos as noticias a través dun agregador automático (**Tiny Tiny RSS**) e procedemos posteriormente á súa categorización nun ou máis dos seguintes apartados, dependendo da súa amplitude temática:

- **ADEGA e ecoloxismo:** Noticias procedentes desta entidade ou nas que os colectivos ecoloxistas son protagonistas.

- **Agroecoloxía e solo:** Entradas relacionadas coa agricultura, gandería e a xestión do solo con fins produtivas.
- **Auga e ríos:** Información relacionada co uso da auga como recurso e o estado dos hábitats fluviais.
- **Biodiversidade e conservación:** Noticias sobre especies, hábitats e áreas protexidas.
- **Cultura e Patrimonio:** Noticias relacionadas coa xestión, preservación e posta en valor dos elementos do patrimonio cultural e histórico-arqueolóxico.
- **Enerxía e clima:** Entradas que tratan da xestión das fontes enerxéticas e a problemática da mudanza climática.
- **Fauna doméstica e silvestre:** Noticias sobre todo o que arrodea a caza, a xestión da fauna salvaxe e o benestar ou maltrato dos animais domésticos.
- **Mar e litoral:** Entradas sobre a problemática dos espazos costeiros, incluíndo o aproveitamento e consumo de recursos mariños.
- **Montes e forestal:** Noticias relacionadas coa xestión dos espazos forestais no medio rural, con especial atención aos incendios.
- **Residuos e contaminación:** A problemática xerada no ambiente e na sociedade polos refugallos producidos polas actividades humanas, tanto industriais como domésticas. Este ano, ademais, incluímos nesta categoría as novas relacionadas coa COVID-19.
- **Urbanismo e mobilidade:** Noticias sobre a incidencia dos xeitos de transporte (medios e infraestruturas) no ambiente, así como do desenvolvemento urbano.

A actualidade ambiental en datos

Ao longo do ano 2020 rexistráronse un total de **9020** entradas, número obtido da suma de todas as noticias recollidas nas diferentes cabeceiras anteriormente citadas. A súa distribución temática e temporal foi a seguinte:

Táboa 1: Distribución das novas por meses e categorías.

Categorías / Meses	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Total
ADEGA e ecoloxismo	46	48	34	15	39	19	19	15	32	46	58	50	421
Agroecoloxía e solo**	46	34	29	32	30	10	19	30	33	37	43	56	399
Auga e ríos	40	25	7	10	43	22	27	49	58	79	73	59	492
Biodiversidade e conservación	44	41	16	16	49	29	27	29	66	23	80	64	484
Cultura e patrimonio	61	55	11	12	32	29	49	38	75	46	95	103	606
Energía e clima	139	69	36	30	61	94	74	16	150	143	169	142	1123
Fauna doméstica e silvestre	88	55	22	20	45	32	19	55	110	31	94	62	633
Mar e litoral	35	28	21	8	20	26	30	32	81	47	41	59	428
Montes e forestal	78	74	27	21	35	39	84	76	229	61	93	63	880
Residuos e contaminación	96	91	46	49	131	179	191	107	437	288	527	296	2438
Urbanismo e mobilidade	192	111	51	32	66	37	47	44	133	118	104	181	1116
Total rexistros mes	865	631	300	245	551	516	586	491	1404	919	1377	1135	9020

Temas ambientais con maior presenza nos medios galegos

Unha análise máis polo miúdo a nivel temático permite establecer unha pautas, que veñen coincidindo en grande medida coas detectadas no ano 2019.

Gráfico 1: Porcentaxe de noticias por categorías en 2019.





Gráfico 2: Porcentaxe de noticias por categorías en 2020.



De seguido presentamos as categorías organizadas de maior a menor volume de entradas nos medios galegos ao longo do 2020.

27 %

Residuos e contaminación. Esta foi a temática de maior presenza nos medios tanto en 2019 como en 2020. Asociáronse á categoría de “contaminación” as novas relativas á **Covid-19**, que nos meses de confinamento (entre marzo e maio) protagonizaron a actualidade mediática, non só ambiental. Este feito, fai reflexionar sobre a conveniencia de crear unha nova categoría temática de aquí en diante, destinada a cuestións de saúde pública ou ambiental. A proliferación de noticias sobre a pandemia explica a predominancia desta categoría con tanta distancia da que lle segue así como o seu despunte con respecto a 2019. Neste senso, estiveron moi presentes as novas estatísticas e actualizacións sobre medidas de saúde adoptadas en relación á pandemia, pero tamén outras máis directamente vinculadas co medio como as referidas á redución da contaminación urbana, ao impacto do confinamento sobre a fauna silvestre ou á súa relación coa perda de biodiversidade.

Tamén tiveron un peso relevante as novas relacionadas coa **industria** altamente contaminante asentada en territorio galego. A maior parte delas presentaron un enfoque político, económico ou sindical, ficando velada a cuestión ambiental. Neste senso, “nomes” como Alcoa, Nostián, Ence, San Fins, a Mina de Touro ou a térmica de As Pontes e Meirama, cuxo proceso de peche se fraguou neste 2020, tiveron gran protagonismo.

Outras cuestións amplamente recollidas polos medios foron aquelas relacionadas coa **xestión do lixo urbano** e a **contaminación das augas marítimas e dos ríos**, tanto novas de corte científico, como de denuncia de situacións concretas, como os vertidos realizados pola eléctrica Endesa no río Eume ou a presenza de hidrocarburos rexistrada en outubro na ría de Arousa.

No mes de **novembro** rexistrouse o maior número de novas nesta categoría, coa Covid-19 como protagonista, con datos sobre o número de falecementos, restricións sociais derivadas e estudos para a fabricación da vacina.

12,45%

Enerxía e clima. Coincide tamén en ambos os dous anos como segunda categoría. Destacan as novas relacionadas co **cambio climático** a nivel político e lexislativo así como as que abordan súa incidencia ou repercusión en especies e ecosistemas concretos, tamén galegos. Mención aparte precisa o Movemento Galego polo Clima, cuxo activismo medioambiental entrou nos medios con forza, manténdose malia a redución da actividade derivada do confinamento grazas a convocatorias para saír á rúa solicitando unha saída xusta da crise sanitaria.

E de novo os **proxectos industriais**, neste caso os de produción enerxética ou de alta demanda eléctrica en Galiza, tiveron unha alta presenza nas principais cabeceiras. A necesidade dunha transición ecolóxica xunto coa obsolescencia dalgúns modelos produtivos presentes no país, fixeron que “nomes” que xa vimos na categoría “Residuos e contaminación” como As Pontes, carbón, Alcoa, renovables, electointensivas, etc. estiveran moi presentes nos medios. De igual

modo, a carga obreira, de reivindicación laboral e negociación política foi o enfoque principal destas novas mentres que a cuestión medioambiental do conflito adoitou quedar en segundo plano.

Novembro foi o mes con maior publicación de novas desta temática, na que aos nomes antes citados, sumamos a emerxencia da cuestión eólica a través da Lei de Reactivación Económica, a aprobación das Directrices da Paisaxe e o inicio da contestación social ante os proxectos desta renovable.

12,3%

Urbanismo e mobilidade. Estivo integrada fundamentalmente por **novas de carácter local** sobre obras de rehabilitación urbanística e reordenación da mobilidade, entre as que destacamos a habilitación de carrís bici ou a aprobación de ordenanzas municipais para o uso do patinete eléctrico. Destacaron tamén informacións relacionadas coa **construción e xestión de infraestruturas** para o transporte privado e colectivo, como as que recolleron as reivindicacións para a eliminación da peaxe na autoestrada AP-9.

O mes de maior peso desta temática foi **xaneiro**, destacando a construción da Cidade Deportiva do Celta e a actualidade sobre a construción do AVE de Galicia.

9,7%

Montes e forestal. A praga dos **lumes** é unhas das grandes protagonistas desta categoría, xunto cos plans e dispositivos de prevención e extinción. Neste senso, destaca a desestacionalización dos incendios, tradicionalmente acoutados ao verán pero que se producen ao longo de todo o ano. Tamén tivo forte presenza a lexislación para a **xestión forestal**, destacando as negociacións para a definición do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 que finalmente foi aprobado en 2021.

Malia que o forte chegou en 2021, a finais de 2020 agromaron as primeiras novas sobre os usos dos fondos **Next Generation** no sector forestal, por exemplo co anuncio por parte da Xunta da creación dunha planta de viscosa.

Setembro foi cunha ampla marxe o mes de máis volume deste tipo de novas, cunha incidencia alta de días negros polo lume en lugares como o Xurés ou a Illa de Ons, así como novas sobre detencións de incendiarios.

7%

Fauna doméstica e silvestre. Estivo marcada por noticias de **denuncia** de abusos cometidos sobre determinadas especies. É de destacar que boa parte destas informacións foron emitidas por parte de colectivos ecoloxistas e animalistas. Tamén, por actualidade de **sucesos** protagonizados por animais, primando aqueles que provocan unha forte controversia social como a velutina, o lobo ou o xabaril.

A **Covid-19** tampouco foi allea a esta temática (aluguer de animais domésticos durante o confinamento, contaxios nas granxas de visóns...), e púxose en relación coa

caza ante a declaración desta actividade como “esencial” por parte da Xunta e o Ministerio, xerando o debate e contestación social.

O mes de maior incidencia foi **setembro**, facéndose patentes as reclamas para o peche das granxas de visóns por seren focos de contaxio da Covid-19.

6,7%

Cultura e Patrimonio. De novo, nesta categoría atopamos unha alta incidencia de novas relacionadas con **agresións** ao patrimonio natural e arqueolóxico asociadas a proxectos industriais, como podería ser o caso de Naturgy no Castro de Elviña, dun dos xacementos arqueolóxicos máis importantes do país, asediado por antenas de media tensión que finalmente foron retiradas.

O **aproveitamento económico e social** da cultura, o patrimonio e a paisaxe ocupa tamén varios dos titulares, sobre todo coa celebración de rutas, festividades vencelladas ao medio e á natureza ou á declaración de áreas protexidas ou de interese, como o caso do Courel como municipio de interese turístico ou a promoción de Malpica como destino para a observación do ceo nocturno.

O mes de maior presenza foi **decembro**, con novas de grande transcendencia: a declaración do Pazo de Meirás como patrimonio público e a anulación da licenza urbanística para a explotación dunha canteira que ameazaba a cova de Eirós, en Triacastela.

5,5%

Biodiversidade e Conservación. Destaca a presenza de **novas de corte científico e de denuncia** sobre a perda de biodiversidade e especies invasoras. Séguenlle novas sobre agresións á fauna e flora autóctonas, así como temas de debate como a **caza** do lobo e o raposo. En menor medida, recóllense novas sobre iniciativas, tanto públicas como privadas, encamiñadas á **conservación e xestión dos espazos e especies protexidas**. Nesta liña, destacamos as informacións sobre o proxecto para a apertura da Lagoa de Baldaio, co obxectivo de evitar inundacións das zonas próximas, suscitando controversia social. En relación á **pandemia**, foron varias as novas que recolleron voces científicas que poñían en relación a perda de biodiversidade coa expansión da Covid-19.

O mes de maior incidencia deste tipo de novas foi **novembro** cun marcado peso das novas sobre a inclusión do lobo no Lespre, a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio Mundial, a afección de parques eólicos sobre zonas de alto valor, así como a aprobación das Directrices da Paisaxe por parte da Xunta.

5,5%

Auga e ríos. Destacaron novas relacionadas con contaminación e residuos ocasionados por **vertidos**, como o producido por Endesa no río Eume ou as verteduras procedentes da mina de San Finx, en Lousame (A Coruña). Tamén foron habituais novas relacionadas coa actualidade de **hidroeléctricas, encoros e secas** de caudais así como outras relacionadas con actividades para o coidado e conservación fluvial e das ribeiras.

O mes de maior presenza deste tipo de novas foi **outubro**, mes no que aconteceu a vertedura no río Eume e se produciron varias inundacións derivadas das chuvias invernais.

4,7%

ADEGA e ecoloxismo. O tipo de novas de maior incidencia foron aquelas que tiveron que ver como actos ou comunicados de **denuncia e oposición** sobre cuestións ambientais, ben sexan as protagonistas asociacións ecoloxistas, ben colectivos sociais doutro tipo. Neste senso, destacaron novas sobre a caza do raposo de Triacastela, o sentinazo que afectou a aves costeiras, así como as accións de loita social contra a Mina de Touro, o parque eólico do Iribio e a protección da Covas de Eirós. O outro tipo de novas con menor presenza foron as referidas a accións de **educación ambiental** organizadas por colectivos como ADEGA, como a limpeza simultánea de praias.

O mes con maior presenza deste tipo de novas foi **novembro**, momento no que comezaron a despuntar as respostas sociais á invasión eólica, saltou á palestra pública a denuncia de Coren a un agricultor ecolóxico da Limia, así como o debate sobre o lobo e a demanda de peche de granxas de visóns.

4,7%

Mar e litoral. Esta sección ocúpala un grande volume de novas de corte **político e económico** para a regulación do sector pesqueiro e marisqueiro, así como aquelas relacionadas coa Lei de Costas. O estado de saúde do mar demostra ser outro tema de interese, sendo a **contaminación** mariña (microplásticos), tamén a derivada de as industrias como Ence ou as mareas vermellas, un tema relevante.

O mes de maior incidencia foi **setembro**, coa aprobación do dragado da ría do Burgo.



4,4%

Agroecoloxía e solo. Esta categoría rexistrou o menor número de novas indexadas malia a súa amplitude temática. Entre as novas presentes, destacamos as novas relacionadas con ordenación do territorio, axudas económicas a actividades agrarias e reportaxes sobre iniciativas de vida e traballo no agro. Debido á aparición de temas relacionados co despoboamento do rural e doutras actividades relacionadas co rural, alén da agrícola, semella conveniente redefinir o nome da temática como “Monte, rural e agro”.

Decembro foi o mes con maior incidencia deste tipo de novas, co anuncio da Lei de recuperación de terras agrarias e a promoción de polígonos agrarios como protagonista.

Temporalidade da información ambiental nos medios galegos

Do mesmo xeito que detectamos tendencias comúns a nivel temático entre os anos 2019 e 2020, tamén a panorámica temporal presenta varias similitudes.

Gráfico 3: Rexistro do número de novas ambientais por mes en 2019.**Gráfico 4:** Rexistro do número de novas ambientais por mes en 2020.

Con todo, 2020 rexista un descenso máis acentuado das novas ambientais nos meses de marzo-maio (posiblemente relacionada co confinamento), rexistrando un pequeno reponte nos meses xuño e agosto pero que segue obtendo un resultado baixo, que corresponde co período vacacional, no que a actividade mediática se reduce considerablemente, tamén para os temas ambientais, focalizándose moitas destas novas nos lumes forestais estivais.

Ao igual que en 2019, o mes con maior número de noticias ambientais foi setembro, etapa na que coinciden o pico de novas sobre lumes e a reactivación do curso político tras o descanso do verán.

Conclusiones

A análise das novas das cabeceiras de comunicación galegas pon de relevo a **transversalidade** da cuestión ambiental, coidado e defensa do medio, que se cruza con informacións de temáticas predominantes tan variadas como política, economía, loita obreira, ciencia, etc. Consecuentemente, a actualidade ambiental adoita estar diseminada ao longo dos xornais, sendo polo tanto precisa unha revisión xeral das cabeceiras.

En liñas xerais, detectamos que os temas que xeran **controversia** e os que ameazan dun xeito explícito a nosa **calidade de vida** concentran o interese mediático. Este ano, sen dúbida, a **COVID-19**, despuntou sobre outras cuestións, introducíndose en todas as áreas temáticas. Ademais, e coincidindo coa crise enerxética e de recursos que vivimos como civilización, a **producción enerxética** no noso país e a industria asociada, estiveron moi presentes.

Apreciamos tamén que a urxencia e o imperativo da actualidade nos medios fan que certas informacións vinculadas coa contorna non sexan abordadas atendendo a este enfoque. En concreto, percibimos ausencia de perspectiva ambiental nas novas sobre **industrias contaminantes** que atinxen á explotación dos recursos naturais e o territorio, xerando un forte impacto ambiental. Nestas informacións predomina o enfoque económico e social. Así por exemplo, no tratamento das negociacións polo peche de As Pontes e Alcoa, as cuestións medioambientais quedaron invisibilizadas fronte as de corte económico-social.

O CERNA-Barómetro preséntase como unha ferramenta útil para aproximarnos ao tratamento das noticias ambientais en medios de comunicación galegos de diverso ámbito.

ADEGA, febreiro de 2021



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza